



AUTOR: Luis do Freixo
Deseño gráfico: Sesa Silva

NEGREIRA
A BAÑA
Sta. COMBA
ZÁS
VMLG.15.Patrimonio

Diseño © Sesa Silva



FICHAS de PATRIMONIO VMLG.15. A Baña - Negreira - Sta. Comba - Zás



GALIZA <https://www.wikiwand.com/es/Galicia>

PROVINCIA de A CORUÑA https://www.wikiwand.com/es/La_Coru%C3%B1a

AMES [https://www.wikiwand.com/es/Ames_\(La_Coru%C3%B1a\)](https://www.wikiwand.com/es/Ames_(La_Coru%C3%B1a))

NEGREIRA <https://www.wikiwand.com/es/Negreira>

A BAÑA [https://www.wikiwand.com/es/La_Ba%C3%B1a_\(La_Coru%C3%B1a\)](https://www.wikiwand.com/es/La_Ba%C3%B1a_(La_Coru%C3%B1a))

INDICE de FICHAS.A BAÑA

Concello de A Baña. <http://concellodabana.gal/>

Seilan 1. Virxe da Peregrina	2. Cruceiro da Peregrina	3. Ponte dos Aguilóns
--	--	---------------------------------------

INDICE de FICHAS. NEGREIRA

Concello de Negreira. <http://www.concellodenegreira.gal/index.php/gl/>

4. Cruceiro de Covas	6. Cruceiro de Covas 2	8. Carballo de Cores
5. Refuxio de Covas	7. Pazo de Cores	

INDICE de FICHAS.A BAÑA

9. San Xoán de Barcala	11. Cruceiro de Barcala	13. San Cristovo de Corneira
10. Casa Salvador	12. Santa Maria de Ordoeste	14. Local da Festa

INDICE de FICHAS. Sta COMBA

Concello de Sta Comba. <https://www.santacomba.es/es/>

15. Cruceiro de Fontecada	19. Hórreo en San Martiño.2	22. Santo André da Pereira
16. San Martiño de Fontecada	20. Purísima Concepción	23. Cruceiro da Pereira (1)
17. Reitoral de San Martiño	21. Castro da Pallota	24. Cruceiro da Pereira (2)
18. Hórreo en San Martiño.1		

INDICE de FICHAS. MAZARICOS

Concello de Mazaricos. <http://www.mazaricos.gal/>

25. Carballo de San Cosme	26. San Cosme de Antes	27. Cruceiro de San Cosme
---	--	---

INDICE de FICHAS. ZAS

Concello de Zás. <http://www.concellodezas.org/portal-cidadan/portada/gl/>

BAIÑAS 28. Castro de Calabanda. 29. Ponte de Brandomil	30. S. Pedro de Brandomil	31. Cidade romana de Brandomil
---	---	--



**PATRIMONIO
GALEGO**

<http://patrimoniogalego.net/>

Vía Mariana Lusogalaica. (<http://viamarianalusogalaica.eu/>).

Concello de Negreira. <http://www.concellodenegreira.gal/index.php/gl/turismo/que-ver/patrimonio>

Concello de A Baña. <http://concellodabana.gal/index.php/menu-turismo/que-ver>

Concello de Zás. <http://www.concellodezas.org/turismo/portada-turismo/es>



ALBERGUE BERGANDO

<https://www.alberguesjuveniles.es/Hostal-hostel-albergue-juvenil/Albergue-Bergando/BK4703286>

1. [Capela da Virxe da Peregrina](#)



Catalogouno elixiovieites

Descrición:

A capela ten planta rectangular con sancristía acaroadada na cabeceira, e teito a dúas augas. Muros de perpiaño irregular e cachotaría, recebados e pintados en branco, agás na fachada, que leva cadeirado de granito nas esquinas e vai sen revocar. Esta remata en pequena espadana sobre base con molduras e acaba en pináculo con bóla. A porta ten arco oxival e no centro do muro da fachada leva unha ventá redonda para dar luz ao interior. Esta rodeada dunha carballeira e no seu entorno hai un cruceiro e unha fonte.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=40207>)

2. [Cruceiro da capela da Peregrina en Seilán](#)



Catalogouno elixiovieites

Descrición:

O cruceiro está cerca da capela da Peregrina e ao da lado beirarrúa da carballeira. Elévase sobre tres chanzos pero un está enterrado no chan. Pedestal cuadrangular cos ángulos biselados que lle dan forma de corte piramidal. O varal é de sección octogonal, pero comeza e remata en cadrada. Capitel con molduras e adornos de estrías sobre o que vai unha cruz sinxela de sección cadrada e cun pequeno pedestal.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=40213>)

3. [Ponte dos Aguillóns](#)



Catalogouno Cristina Campos Castro

Descrición:

Trátase dunha ponte feita por dous veciños de Duomes, lugar de O Seilán, para facilitar o acceso ao muíño e comunicar as parroquias de Sanamede do Monte, San Cibrán e Covas. Está suxeita por seis pés, tres agrupacións de pedra por unha banda e tres pola outra. Na súa superficie ten pequenas laxas de pedra para que a xente poida pasar máis comodamente; e finalmente nos seus laterais conta cun peitoril tamén de pedra para poder pasar sobre ela sen correr ningún perigo.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=108152>)



[INICIO](#)

4. [Cruceiro de Covas](#)



Catalogouno Silvia Mariño

Descrición:

De lado do campanario parroquial atópase este fermoso cruceiro en Santa María de Covas. Diante do cal loce unha mesa. Dicitur que se ergue sobre unha plataforma de tipo artificial e de forma cuadrangular, formada por catro chanzos. E carecendo de pedestal, sobre estes medra un fuste de tipo poligonal e de considerable altura. A continuación vai coroado cun capitel de estilo xónico, con volutas nas catro esquinas. A forma deste, máis a do fuste podemos enmarcalas dentro do estilo Barroco. Sobre o capitel, a cruz con forma de cruz latina, cos brazos desiguais e cuadrangulares. No anverso vemos un cristo crucificado, os brazos en paralelo á cruz, unha perna inclinada sobre a outra, viste co pano de pureza, cabelos longos e barbas. En canto o reverso, represéntase unha piedade co seu fillo morto nos brazos. A virxe vai cuberta por un longo manto da cabeza aos pés, este con bastantes dobras e engurras, trazos típicos usados no Barroco para dar sensación de movemento e naturalidade. Sobre a figura do fillo, dicitur que está un pouco desproporcionado en canto ao tamaño, colgándolle así as pernas e a cabeza. Non se pode datar con certeza esta obra pero si dicitur que ten trazos de estilo Barrocos, figuras que buscan a expresión, a naturalidade, e a sensación de realismo.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=97025>)



5. Refuxio de Covas



Refuxio de Covas. (<https://goo.gl/maps/SoUGjwNm1ecx5YG98>)

6. Cruceiro de Santa María de Covas



Inclúe dous cruceiros, campanario e pombal. Polo antigo Camiño Real para chegamos por Triáns á igrexa de Santa María de Cobas, onde antigamente había un hospital de peregrinos.

Catalogouno Xose Troiano

Descrición:

Cruceiro de tipo "De Cruz" con plataforma cuadrangular de tres chanzos e pedestal cúbico rematado con chafráns. O varal é octogonal comezando e rematando en cadrado. Ten uns adornos nos chafráns. O seu capitel é cuadrangular con escocia. A súa cruz é cuadrangular e recrucetada cos brazos en chafrán e con remates florenzados con botón central. O cruceiro é todo de granito cun bo estado de conservación.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=107899>)

[INICIO](#)

7. Pazo de Cores



Catalogouno elixiovieites

Descrición:

Construído no século XVIII, de planta rectangular, muros de boa cantería e teito con cuberta de tella do país a dúas augas. Conta cunha edificación principal constituída pola casa señorial, as dependencias do persoal de servizo e unha capela privada. Todo o recinto está rodeado dun gran muro de perpiaño. Ten unha pedra armeira na fachada sur e á esquerda da solaina. A entrada principal do pazo faise a través dunha zona arborada que antecede aos xardíns que posúen unha boa colección de camelias. Á entrada de servizo atópanse dous hórreos, de 10 e 7 claros, respectivamente, o primeiro deles e un dos máis grandes de estilo Amaía, e vai construído sobre celeiro de perpiaño. Conta tamén dentro do recinto amurallado cunha horta con xardíns con grandes magnolios, xardíns de buxo, pombal e estanques.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=46693>)

8. Carballo de Cores



Catalogouno elixiovieites

Descrición:

Carballo centenario ao lado do Pazo de Cores que non está dentro do libro Árbores e formacións senlleiras de Galicia. Co seu gran porte merecería esa mención así como outros que existen en Galicia e que cuxa inclusión está a ser solicitada por asociacións medioambientais.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=46702>)

9. Igrexa de San Xoán de Barcala



Catalogouno elixiovieites

Descrición:

Igrexa de estilo barroco do século XVIII de nave rectangular, con presbiterio destacado da planta, e sancristía acaroadada á cara norte. Muros de boa fábrica de sillería de granito e tellado a dúas augas agás na cabeceira. Fachada carente de adorno con pequena aresta que a enmarca e onde se abre unha porta alintelada, e unha ventá rectangular de bordes en chafrán para aumentar a entrada de luz ao interior. No medio unha fornela coa imaxe do San Xoán. Torre de campanario de tres corpos, o primeiro, de base cadrada que remata en cornixa saínte. O segundo leva catro columnas que compoñen catro ocos de arco de medio punto para poñer as campás e pináculos de bóla nas esquinas. O terceiro octogonal con catro ocos e rematado nunha pequena cúpula rematada en pináculo.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=47773>)



10. Restaurante Casa Salvador



www.casasalvadorbarcala.es

+34 981 88 62 44

11. Cruceiro da igrexa de San Xoán de Barcala



Catalogouno elixiovieites

Descrición:

Cruceiro de plataforma con tres chanzos que remata en pedestal cúbico con molduras, de onde arranca o varal. Este é de sección octogonal agás no comezo e no remate.

Capitel con volutas nas esquinas e cabezas de anxos no centro das caras. Cruz de

sección cilíndrica onde vai un cristo de boa talla e unha virxe coas mans en actitude de orar. O conxunto está rodeado dunha cadea apoiada en catro bolardos de metal.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=47786>)

[INICIO](#)

12. Igrexa de Santa María de Ordoeste




Inclúe cruceiro e reitoral.

Catalogouno elixiovieites

Descrición:

Igrexa construída en diferentes etapas pero no que destaca o estilo barroco e o neoclásico da torre do campanario. Dunha soa nave e co presbiterio destacado do resto do edificio na súa altura. Tellado a dúas augas e cuberta con tella do país. Fachada sinxela e carente de adornos onde se abre unha porta alintelada, con molduras nas xambas, e un gran van rectangular con cristais por enriba dela. No medio das dúas unha cruz de mármore, e rematando o cume unha cruz sinxela de pedra. Torre do campanario de tres corpos, acaroadado á fachada, que arranca de base cadrada con pilastras e remata en cornixa saínte. O primeiro corpo leva catro columnas que compoñen catro ocos de arco de medio punto para poñer as campás. O segundo octogonal con catro ocos e o terceiro confórmao unha pequena cúpula rematada en pináculo de bóla. As esquinas do tellado van adornadas co mesmo elemento de decoración.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=47515>)



13. Igrexa Parroquial de San Cristovo de Corneira

Inclúe cruceiro e reitoral.

(https://www.turismo.gal/recurso/-/detalle/191121000174/igreja-parroquial-de-san-cristovo-de-corneira?langId=es_ES&tp=8&ctre=31)

Descrición Fue construida en el tercero tercio del S XVIII, aunque posteriormente se acometieron diversas modificaciones como la construcción de la capilla mayor en el XIX. En la fachada principal encontramos la puerta con lintel, la figura del patrón alojada en una hornacina y una pequeña ventana circular. Sobresale la espadaña, que contiene dos arcos de medio punto con su respectiva campa, cornisa abajo y arriba de este conjunto, y finaliza en forma triangular, con un pináculo en cada vértice y una cruz central.

[INICIO](#)


14. Local da Festa



Refugio libre

Albergue Corneira

15. Cruceiro en San Martiño de Fontecada



Catalogouno elixiovieites

Descrición:

Cruceiro sobre plataforma de tres chanzos, sendo o primeiro máis amplo e alto, e unha base prismática. O varal de sección cadrada, en comezo e remate, e octogonal no resto. O capitel leva

adorno de volutas nas esquinas. A cruz de sección cadrada e de remates potenzados leva un Cristo polo anverso, e unha virxe con coroa e co neno no brazo polo reverso.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=50962>)



16. Igrexa de San Martiño de Fontecada



Catalogouno elixiovieites


Descrición:

Igrexa dunha soa nave e sancristía acaroadada ao muro norte. O teito esta cuberto a dúas augas con tella curva do país. A fachada principal é moi sinxela e de esquema pentagonal con corpo central adiantado no eixo da porta e espadana. Nel vai a porta alintelada e enriba unha figura de San Martiño de Tours a cabalo, despois séguelle unha pequena ventá cadrada para dar luz ao interior. Na parte superior arranca a espadana con dous ocos de arcos de medio punto apoiados sobre piares e que acollen ás campás. Leva unha pequena balaustrada de pedra na parte inferior. Está coroadada cun edículo con oco e dous pináculos piramidais nos extremos, e outro de bóla, no medio e con cruz de forxa no cume.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=50957>)

[INICIO](#)

17. Casa Reitoral de San Martiño de Fontecada



Catalogouno elixiovieites

Descrición:

Edificio de planta rectangular e dúas alturas, cun corpo engadido na banda oeste. Feito con muros de perpiaños recebados e pintados de branco, agás nos esquinais e piares das ventás onde amosa sillares ben labrados en cantería de granito. Teito a dúas augas e cuberta de tella do país. Na segunda planta amosa ventás enrasadas de dúas follas e na planta baixa ábreanse pequenos vans cadrados cerca da porta principal. Ten dependencias anexas e na horta hai un hórreo

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=50992>)

18. Hórreo en San Martiño.1



Catalogouno elixiovieites

Descrición:

Hórreo de planta rectangular, tellado a dúas augas e apoiado sobre un celeiro de mampostería que remata nun beirado de laxes que fai de tornarratos á cámara. É moi parecido ao estilo Ponteceso ou Carballo, pola situación da cámara e a súa feitura, pero esta vai feita coa mesma técnica construtiva que os hórreos tipo fisterra, con fileiras de perpiaño de pouco canto, como único elemento estrutural dos muros e sen apenas físgos de ventilación. Os cumes dos penais están feitos de ladrillo e cemento, así como os adornos que os coraan. Ten unha entrada nun penal.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=50999>)

19. Hórreo en San Martiño. 2



Catalogouno elixiovieites

Descrición:

Hórreo tipo fisterra coa cámara feita con perpiaños irregulares de pouco grosor postos en ringleiras superpostas, sendo a única ventilación a que pasa a través das pezas de pedra. Está sostido por 5 pares de pés feitos con piares de perpiaños de sección cadrada, onde apoian os tornarratos cuadrangulares. Sobre estes van os linteis horizontais da base da cámara. As esquinas están compostas de pedras de cores máis claras que o resto. Os penais rematan nunha peza de granito de forma triangular para compor o cume do tellado, onde se apoian sobrepenas para apartar a auga da chuva. O tellado vai a dúas. Nas cimeiras, leva unha cruz de pedra e un pináculo.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=51005>)

[INICIO](#)

20. Capela da Purísima Concepción (Fontecada)

Inclúe cruceiro, casa e hórreo.



21. Castro da Pallota



Catalogouno elixiovieites

Descrición:

O que debeu ser un castro con dúas grandes terrazas pola banda oeste, coas defensas e muros moi visibles sobresaíndo da contorna ata fai pouco tempo, segundo os veciños da zona, está hoxe case desfeito. Podemos apreciar ben na foto do voo americano do 1956 o que debía ser a súa configuración, aínda que xa estaba modificado polas labores agrícolas. Os traballos de reparcelación agraria e a apertura de pistas deixaron só a croa do castro, pero está foi modificada e case non se aprecian as defensas debido as agresión sufridas polos movementos de terra. Está a 342 m. de altitude e nunha estremeira leste da penichán na que se sitúan os concellos de Mazaricos e Santa Comba no seu límite con Negreira. Pola banda nordés ten unha gran pendente cara un pequeno val polo que discorre un regueiro, e que podemos apreciar na foto principal que acompaña a esta ficha. A croa, de forma ovoide, tería uns 130 metros no seu lado máis longo e na ortofoto do 56 apréciase unha entrada pola banda sur, atravesando unha das terrazas ou antecastros. Está a 1,8 km ao nordés do asentamento do Cornado e a mesma do castro de Castroverde, ao sueste, cerca de Espesedo. Estes últimos pertencerían ao concello de Negreira.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=50756>)

[INICIO](#)

22. Igrexa de Santo André da Pereira



Catalogouno Xose Troiano

Descrición:

Os templos de plano central son pouco habituais nesta zona, de aí a singularidade de San Andrés da Pereira. Retomando ancestrais disposicións formais con forma de cruz grega, esta igrexa presenta unha planta que parece ter os brazos de iguais dimensións, aínda que un pouco desvirtuados polos volumes anexos ó muro norte (sancristía e pequeno oratorio). No interior a capela maior e a nave cóbrense con bóveda de canón que descarga, directamente, nos muros de carga de cachotería. A cuberta é a tres augas na nave e a unha nos anexos. A fachada, pola contra, é de cantería. Esta última posúe unha disposición xa coñecida pero de grande orixinalidade na ornamentación, xa que a fornela que alberga a imaxe do santo titular está gardada por un frontón partido, na súa parte inferior, e un frontón curvo, na parte superior. Ademais unha parte dela é translúcida, a modo de transparente, recurso moi utilizado na arquitectura barroca. Esta ornamentación complétase cunha cornixa rematada en volutas e pináculos piramidais. O campanario, sobre unha base prismática, ofrece dous corpos. O primeiro con arcos de medio punto sobre machóns e un segundo, cupuliforme.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=16384>)

23. Cruceiro da Pereira (1)



Catalogouno Xose Troiano

Descrición:

Cruceiro de tipo de Cruz con plataforma cadrangular de dous chanzos e pedestal cadrangular rematado con mediacana. O varal é cadrado e achafranado cun capitel e cruz cadrangulares. A plataforma e o varal son de granito e o capitel e a cruz son de formigón. A mosca un mal estado de conservación.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=16395>)

[INICIO](#)

24. Cruceiro da Pereira (2)



Catalogouno Xose Troiano

Descrición:

Cruceiro de tipo de Crucifixo con plataforma cuadrangular de dous chanzos e pedestal cúbico cunha inscrición que vén sendo a data do cruceiro (25/7/2003). O varal empeza cadrado para logo ser octogonal ata o capitel. Este ten astrágalo circular e liso con volutas, frores e follas de carballo. Ábaco de lados curvos e vértices achafranados. A súa cruz é leñosa con nós e polo anverso presenta a Cristo Crucificado con tres cravos e as mans pechadas. Inclina a cabeza cara adiante cunha coroa de espiñas e unha cartela coas siglas INRI. O pano de pureza está suxeito cunha corda. Polo reverso da cruz fica a Virxe en actitude de orar coas mans cruzadas sobre o peito e nun pedestal de rochas. O cruceiro é todo de granito cun moi bó estado de conservación.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=16400>)



25. Carballo de San Cosme de Antes



Catalogouno elixiovieites

Descrición:

O impresionante carballo (quercus robur) está no adro da parroquial e posiblemente estivera alí antes que a igrexa. O carballo é unha árbore que está ao carón de algunhas ermidas ou igrexas e teñen moitas veces lendas relacionadas co culto a eses lugares. Está en bo estado de conservación e moi

cerca do muro do templo.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=26929>)

26. Igrexa de San Cosme de Antes



Catalogouno Xose Troiano

Descrición:

O templo presenta unha planta de salón dividida en catro tramos por arcos faixóns e soporta unha bóveda de canón. Entre os faixóns dispóñense os lunetos. A capela maior con resalte no muro exterior cóbrese cunha bóveda de crucería con nervios con cinco claves. No interior aparece un gran retablo tallado en granito, dividido, no seu primeiro corpo, en tres panos. O central acubilla o sagrario e a ámbolos dous lados, as imaxes de San Cosme e San Damián. No segundo corpo ofrécenos unha única fornela rematada por un frontón triangular e con volutas rampantes a ámbolos lados. Un coro alto presenta un balaústre de pedra artificial que substitúe á antiga balaustrada de madeira. No Exterior a fachada organízase de forma xeométrica con porta de luz vertical, enmarcada por grosos baquetóns, van rectangular de luz e unha espadana de ous corpos que remata o conxunto engadida no século XX. O primeiro corpo formado por dous arcos de medio punto que descansan sobre piares e que serven para aloxar ás campás. O segundo aparece un frontón triangular curvado cun pequeno oco tamén de medio punto flanqueado por dous pináculos moldurados e rematado no seu centro con outro pináculo moldurado coroado cunha cruz de forxa sobre a bóla desta. Como en tantas igrexas do rural galego, aparece o cemiterio dentro do recinto do adro, formando un conxunto onde conviven a parroquia dos mortos e a parroquia dos vivos. Tamén cabe destacar un gran carballo apegado ó muro lateral sur polo seu enorme tamaño.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=48647>)

[INICIO](#)

27. Cruceiro da Igrexa de San Cosme de Antes



Catalogouno Xose Troiano

Descrición:

Cruceiro de tipo "De Cruz" con plataforma cuadrangular de tres chanzos e pedestal cuadrangular rematado con cuarto bocel inverso. Ten unha mesa separada apegada a plataforma. O varal é octogonal comezando en cadrado levando un capitel cuadrangular con astrágalo octogonal e liso. O capitel vai moldurado con cuarto bocel e mediacana. Ten unha cruz romboidea con remates florenzados, un círculo no centro e tres imaxes no anverso da cruz que semellan ser o Cristo, a Virxe e outro personaxe aniñado ós pés de Cristo. O cruceiro é todo de granito cun estado de conservación regular a mala. Está moi desgastado.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=48659>)

28. Castro de Calabanda.



Catalogouno elixiovieites

Descrición:

O castro encóntrase a 600 m. do castro de Brandomil, pero na marxe esquerda e a 380 metros do río Xallas, enriba do lugar de Acalabanda e a 330 m. de altitude. O seu estado é moi malo, pois a parte interior da croa, duns 95 m. de diámetro, foi utilizada coma canteira para conseguir pedra. O parapeto está moi rebaixado na parte leste e sur e serve de límite entre as propiedades agrícolas. Está na liña de demarcación entre os concellos de Zas e Mazaricos. A abundancia de arborado e vexetación fai que sexa moi difícil a súa observación e só se fai visible o parapeto da zona norte e leste. na segunda foto podemos ver un mapa de pendentes Lidar do ano 2009 onde se aprecian os dous castros.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=49021>)

[INICIO](#)



29. Ponte de Brandomil



Catalogouno Xose Troiano
 Código no catálogo da Xunta: GA15093011
 Categoría do ben: Inventariado (Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta)

Descrición:

Esta ponte consta de catro arcos cunha luz de 8,20 metros tres deles e, outro máis pequeno. Os dous centrais, coinciden co curso do río, están formados por dúas roscas cuns vinte centímetros de voladizo. As bóvedas e os tímpanos son de sillería. Consérvase ben os pretís e un tramo de calzada que se alonxa por un dos seus extremos chegando a cruzar a estrada xeral.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=4449>)

30. Igrexa Parroquial de San Pedro de Brandomil

https://lh5.googleusercontent.com/p/AF1QipO-DJgFUQaFwwz4xvKQKMz_IQfUSaVT9I0F2BLP=w2560-h1440-pd



[INICIO](#)

31. Cidade romana de Brandomil



Catalogouno Manuel Rial

Tradición oral: A explicación que dan os veciños de Brandomil para poder entender de onde saen tantas "paredes" e pedras cando traballan nas súas leiras é que a aldea foi afundida. Como contan as lendas de asolagamentos de antigas cidades, nesta tamén parece ser que un desastre arrasou coa anterior vila hai moitos séculos, ou que incluso os seus cimentos viñéronse abaixo e quedaron soterrados baixo as beiras do Xallas. De aí lle vén o nome, segundo contan aínda os vellos, "Van dio-mil" que quere dicir "Van dous mil" mortos nese afundimento ou desastre. En Brandomil erguíase unha cidade romana de ó redor de 25 hectáreas. Cruzada, de seguro, pola vía XX per loca maritima, que ía de Braga a Astorga pola parte costeira da Gallaecia e subía cara Brigantium. A vía daba esta volta cara o Finisterrae para chegar ata as minas que se explotaban moi preto dalí, coma o pozo de Limideiro. Nas escavacións de hai catro anos atopáronse moedas, cerámicas africanas de diferentes épocas, xoias, vidros, aras, placas, frontón de mausoleos... Todo isto quedará como mostra da importante cidade que foi Brandomil, onde se estableceron membros da Administración imperial; E como todas as estradas, tiña que ter unha parada para repoñerse; sobre todo tendo en conta como eran antes os camiños e os días que podía levar facer esas viaxes. A mansio Grandimiro ou Glandomiro foi localizada en Brandomil por varios historiadores como esa estación na vía XX.

Ficha completa en patrimoniogalego.net (<http://patrimoniogalego.net/?p=25063>)

(<https://es.wikiloc.com/rutas-senderismo/vmlg-16-zas-vimianzo-2021-72294011>)

1. <https://es.wikiloc.com/rutas-senderismo/vmlg-16-zas-vimianzo-2021-72294011>
2. <https://www.wikiloc.com/outdoor-trails/vmlg-16-zas-vimianzo-2021-72294011#wp-72294018>
3. <https://www.wikiloc.com/outdoor-trails/vmlg-16-zas-vimianzo-2021-72294011#wp-72294019>
4. <https://www.wikiloc.com/outdoor-trails/vmlg-16-zas-vimianzo-2021-72294011#wp-72294020>
5. <https://www.wikiloc.com/outdoor-trails/vmlg-16-zas-vimianzo-2021-72294011#wp-72294021>
6. <https://www.wikiloc.com/outdoor-trails/vmlg-16-zas-vimianzo-2021-72294011#wp-72294022>
7. <https://www.wikiloc.com/outdoor-trails/vmlg-16-zas-vimianzo-2021-72294011#wp-72294023>
8. <https://www.wikiloc.com/outdoor-trails/vmlg-16-zas-vimianzo-2021-72294011#wp-72294024>
9. <https://www.wikiloc.com/outdoor-trails/vmlg-16-zas-vimianzo-2021-72294011#wp-72294025>
10. <https://www.wikiloc.com/outdoor-trails/vmlg-16-zas-vimianzo-2021-72294011#wp-72294026>
11. <https://www.wikiloc.com/outdoor-trails/vmlg-16-zas-vimianzo-2021-72294011#wp-72294027>
12. <https://www.wikiloc.com/outdoor-trails/vmlg-16-zas-vimianzo-2021-72294011#wp-72294028>
13. <https://www.wikiloc.com/outdoor-trails/vmlg-16-zas-vimianzo-2021-72294011#wp-72294030>